



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE NARÓN E A ENTIDADE FUNDACIÓN INGADA EN MATERIA DE ACCIÓN SOCIAL

CAPÍTULO 1: Identificación das persoas subscritoras do convenio e capacidade xurídica

Dunha parte: Dona Marián Ferreiro Díaz, que actúa en nome e representación do Concello de Narón, con CIF. P-1505500-G, na súa condición de Alcaldesa-Presidenta do mesmo.

Doutra parte: María Elvira Ferrer Vázquez, con DNI [REDACTED] que actúa en representación da entidade Fundación INGADA, con domicilio social en Rúa Federico García, 2, 15009, A Coruña, con CIF G70394374, en virtude da súa condición de Vicepresidenta da entidade, e con poder vixente suficiente a tal fin, en materia de fundacións.

CAPÍTULO 2. Fundamento do Convenio

O Concello de Narón leva varios anos contribuindo con programas de atención a persoas con distinta diversidade para traballar con nenos e nenas con algún tipo de trastorno e as súas familias.

No marco das competencias que ten atribuídas pola Lei de Bases de Réxime Local e dentro das súas liñas estratéxicas, manifesta o seu compromiso de promover o desenvolvemento social deste colectivo no seu municipio.

Analizada a necesidade e oportunidade da continuidade deste compromiso, o impacto positivo na poboación desta actuación, e a existencia de crédito suficiente nos orzamentos municipais, o Concello de Narón ve a necesidade de formalizar un convenio cunha entidade idónea para o desenvolvemento do programa indicado, xa que é imposible executar estas actuacións cos medios dos que dispón actualmente o Concello.

Dada a especificidade do colectivo, a falta de entidades especializadas en traballar con el, e que contén con recursos e a infraestrutura necesaria, resulta difícil realizar unha convocatoria pública para a execución do programa.

Este convenio está recollido no Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Narón para os anos 2024, 2025 e 2026, contribuindo a acadar o obxectivo Fomentar a promoción social das persoas con diversidade funcional, a través das actividades descritas neste convenio.

A FUNDACIÓN INGADA é unha entidade que xorde no ano 2014 co obxectivo de dar asistencia integral en Galicia a persoas afectadas por TDAH (Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividad) e trastornos asociados, e as súas familias.

CAPÍTULO 3. Obxecto

O obxecto deste convenio é o desenvolvemento dun programa de intervención especializada con persoas en exclusión social, que se concreta nas actividades descritas no capítulo 4, consideradas actividades de interese social de carácter singular dado o colectivo ao que vai dirixido.

As actividades comprendidas neste convenio desenvolveranse entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025.



Deste xeito, melloramos a eficiencia da xestión pública, facilitamos a utilización de medios e servizos públicos e contribuímos á realización de actividades de utilidade pública.

CAPÍTULO 4. Descrición do convenio:

Este convenio permite o desenvolvemento das seguintes actividades:

Actividade 1. Realización de actividades lúdicas e formativas co Club da Natureza

Actividade 2. Accións preventivas e promoción da saúde.

Todas estas actuacións estarán coordinadas co Servizo Sociocomunitario.

As actuacións conveniadas desenvolveranse no termo municipal de Narón, no local que a entidade dispoña para a atención deste colectivo, agás aquelas que polas súas características deban ser realizadas en dispositivos da entidade na comarca.

A entidade se compromete tamén a colaborar co Concello de Narón en eventos conmemorativos organizados polo Concello e relacionados coa temática deste convenio.

Durante o período de vixencia do convenio, o Concello de Narón achegará:

A achega económica reflectida no capítulo 6.

Recursos humanos: asesoramento técnico-administrativo do Servizo Sociocomunitario en todo o relacionado co contido do convenio e dos programas a desenvolver.

Durante o período de vixencia do convenio, a entidade achegará:

Infraestruturas necesaria para o desenvolvemento do programa, nos períodos que abrangue o convenio.

A contratación do persoal necesario no marco da normativa aplicable vixente.

Achega dos materiais que fosen precisos.

Organización, xestión e execución do programa conveniado.

CAPÍTULO 5. Obrigas

Son obrigas da entidade Fundación INGADA:

1º.- Acreditar antes da aprobación do convenio de colaboración a seguinte documentación:

Solicitud de convenio de colaboración que contén as seguintes declaracións responsables:

- Que en aplicación do disposto no artigo 13.7 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e o artigo 69 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, declara baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para obter o recoñecemento dun dereito ou facultade ou para o seu exercicio, que dispón da documentación que así o acredita, que a poñerá a disposición da Administración cando lle sexa requirida, e que se compromete



a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio.

- Que a entidade está legalmente constituída e inscrita no Rexistro Municipal de Entidades cidadás do Concello de Narón e cos datos actualizados no momento de presentación de solicitudes establecido na convocatoria.
- Que nin a entidade nin o/a declarante están incurso nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para ser beneficiarios ou percibir subvencións da Administración pública, previstas no art. 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Que a entidade non é debedora de obrigas por reintegro de subvencións.
- Que o local da entidade no que se desenvolven as actividades obxecto desta subvención, cumpre coa normativa vixente en materia de plans de autoprotección, de ser o caso.
- Que os usuarios/as das actividades obxecto desta subvención están cubertos por un seguro de responsabilidade civil e/ou accidentes, que cubre axeitadamente ditas continxencias.
- Que o persoal voluntario e/ou contratado, de ser o caso, que desenvolve accións con menores, conta coa "certificación negativa" do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais, en virtude da Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, e da Lei 45/2015, do 14 de outubro, de Voluntariado.

Nesta solicitude tamén constan as autorizacións seguintes:

Autoriza ao Concello de Narón a consultar a certificación de estar ao corrente das súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.

Autoriza ao Concello de Narón a consultar a certificación de estar ao corrente das súas obrigas coa Seguridade Social.

Autoriza ao Concello de Narón a consultar a certificación de estar ao corrente das súas obrigas coa Administración Tributaria da Comunidade Autónoma de Galicia (ATRIGA).

Autorización ao Concello de Narón para obter as certificacións de estar ao corrente ou non ter débedas co Concello de Narón.

Memoria das actividades a desenvolver, incluído o presuposto estimativo de gastos e ingresos (Anexo 1).

Declaración responsable do/a presidente/a sinalando: 1) Se a entidade ten solicitada/obtivo outras axudas, subvencións, e/ou ingresos procedentes de calquera outra Administración Pública, entidade privada, ou de particulares (ingresos por asistencia ás actividades, viaxes, excursións, etc.), para o financiamento desta subvención. 2) A achega de fondos propios. 3) Se existe concorrencia con outras axudas municipais para financiar o obxecto desta subvención (Anexo 2).



Declaración responsable do/a presidente/a de estar ao corrente coas obrigas tributarias (estado, comunidade autónoma e concello) e coa Seguridade Social (Anexo 3).

Modelo T-TES-01 de datos bancarios, sempre que non consten neste Concello ou fosen modificados, ou documento municipal que o substitúa.

2º.- Realizar os programas e actividades obxecto deste convenio.

3º.- Presentar a seguinte documentación para a xustificación do convenio, con data límite do 31 de xaneiro do ano seguinte ao do período conveniado:

Solicitud de xustificación de convenio de colaboración na que se expresará a aceptación das seguintes declaracións responsables:

- Que en aplicación do disposto no artigo 137 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e o artigo 69 da Lei 39/20015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, declara baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para obter o recoñecemento dun dereito ou facultade ou para o seu exercicio, que dispón da documentación que así o acredita, que a poñerá a disposición da Administración cando lle sexa requirida, e que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio.
- Que nin a entidade nin o/a declarante están incurso nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para ser beneficiarios ou percibir subvencións da Administración pública, previstas no art. 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Que a entidade non é debedora de obrigas por reintegro de subvencións.
- Que o local da entidade no que se desenvolven as actividades obxecto desta subvención, cumpre coa normativa vixente en materia de plans de autoprotección, de ser o caso.
- Que os usuarios/as das actividades obxecto desta subvención están cubertos por un seguro de responsabilidade civil e/ou accidentes, que cubre axeitadamente ditas continxencias.

Declaración responsable do/a presidente/a sinalando: 1) Se a entidade ten solicitada/obtivo outras axudas, subvencións, e/ou ingresos procedentes de calquera outra Administración Pública, entidade privada, ou de particulares (ingresos por asistencia ás actividades, viaxes, excursións, etc.), para o financiamento desta subvención. 2) A achega de fondos propios. 3) Se existe concorrencia con outras axudas municipais para financiar o obxecto desta subvención (Anexo 2).

Declaración responsable do/a presidente/a de estar ao corrente coas obrigas tributarias (estado, comunidade autónoma e concello) e coa Seguridade Social (Anexo 3).



Anexo 4. Pequena memoria das accións desenvolvidas con cronograma, número de participantes por acción e desagregado por sexo, e avaliación.

Certificación expedida polo/a secretario/a da entidade de execución das actividades obxecto da subvención (Anexo 5).

Relación clasificada dos gastos e inversións da actividade, con identificación do emisor e do documento, importe, data de emisión e data de pago (Anexo 6).

Os pagos en efectivo terán que axustarse ao límite que estableza a normativa de aplicación en cada momento.

En aplicación do artigo 7 da Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Narón (BOP nº 121 do 27/06/2023), publicitarase en galego a subvención recibida seguindo as seguintes normas:

- 1) No local da entidade deberá figurar na entrada ou recepción unha placa ou cartel, visible, indicando a colaboración do Concello de Narón coa expresión do escudo do concello e a lenda "Entidade cofinanciada polo Concello de Narón no ano 2025", segundo o modelo do Anexo A7.
- 2) No caso de campañas informativas, documentación propia de cada actividade, publicidade web, etc., a entidade deberá de utilizar o mesmo modelo do Anexo A7.
- 3) A xustificación do cumprimento da publicidade farase mediante fotografía de primeiro plano e fotografía contextual da placa ou cartel na entrada da entidade, exemplares da propaganda impresa, e enlace web onde estea inserida a publicidade.

Atendendo ao art. 69 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a declaración responsable correspondente ao anexo A3, non será necesario presentala na xustificación (sempre que se manteña o cumprimento das obrigas ás que fan referencia) porque xa foi achegada no seu momento para a firma do convenio, e o mencionado artigo establece que as declaracións responsables son válidas durante o período de tempo inherente ao recoñecemento ou exercicio deste convenio. No caso de producirse algún cambio, este deberá ser comunicado debidamente ao Concello de Narón.

4º.- Outras obrigas

Para dar cumprimento ao establecido no artigo 75 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e ao establecido no artigo 10.1.10 da Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións do Concello de Narón (BOP do 22/08/2025), nos expedientes de xustificación na modalidade de conta xustificativa simplificada, o Concello a través das técnicas de mostraxe que se acorden en cada convocatoria, comprobará os xustificantes de gasto do 20 % dos expedientes das beneficiarias de subvencións. Destes expedientes resultantes para a mostraxe comprobarase así mesmo o 20 % dos xustificantes de gasto seleccionados de cada expediente, por mostraxe, aos efectos de obter evidencia razoable sobre a adecuada aplicación da subvención.

Neste caso, esta subvención nominativa correspóndese coa convocatoria á que fai referencia o artigo 10.1.10 da Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións do Concello de Narón, e en consecuencia, comprobarase o 20% dos xustificantes de gasto da



entidade beneficiaria, por mostraxe probabilístico por conveniencia, aos efectos de obter evidencia razoable sobre a adecuada aplicación da subvención.

As facturas ou documentos de gastos que sexan requiridos para a realización da mostraxe, deberán ter unha dilixencia con indicación do importe imputado á subvención concedida polo Concello de Narón, así como as correspondentes a outras subvencións concedidas por outros organismo para a mesma finalidade, de ser o caso.

O Servizo Sociocomunitario emitirá informe do resultado obtido da mostraxe, que quedará incorporado ao expediente xeral.

Remitir os informes, certificados e demais documentos que reclame o Concello, así como facilitar toda a información que lle sexa requirida no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

CAPÍTULO 6. Compromiso económico, obrigas e sistema de abono.

O Concello de Narón realizará unha achega económica de 2.500,00€, con carácter de anticipo prepagable a xustificar, e con cargo á aplicación orzamentaria 2312 48000. Aboarase nun único pago, unha vez aprobado por Resolución de Alcaldía este convenio e despois da súa firma.

O importe a xustificar será o total do proxecto ou acción subvencionada, neste caso, o proxecto presentado ascende a 3.000,00. No caso de que a xustificación presentada non alcance o 100 por cento do proxecto adxudicado, a subvención reducirase proporcionalmente. O importe a imputar na xustificación será o total da subvención concedida.

Aos efectos do disposto no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Narón (BOP do 22/08/2025), e no artigo 75 do R.D. 887/2006, do 21 de xullo, Regulamento que desenvolve a Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, para a xustificación deste convenio presentárase unha conta xustificativa simplificada.

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada, dentro dos que se inclúen a contratación do persoal necesario e o pago dos seus salarios (incluída a seguridade social), os seguros necesarios para a cobertura da realización das actividades, gastos de asesoría técnica, e outros gastos relacionados directamente coas actividades conveniadas.

Enténdese para estes efectos como gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado neste convenio, e que se realizou no prazo establecido para o desenvolvemento do mesmo.

Os pagos en efectivo terán que axustarse ao límite que estableza a normativa de aplicación en cada momento.

Non terán a consideración de gastos subvencionables os gastos de investimento.

O artigo 88.2 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, establece que, con carácter xeral, salvo que as bases reguladoras establezan o contrario e en función das dispoñibilidades orzamentarias, realizaranse pagos anticipados nos termos e condicións previstos no artigo 34.4 da Lei Xeral de Subvencións nos



supostos de subvencións destinadas a financiar proxectos ou programas de acción social e cooperación internacional que se concedan a entidades sen fins lucrativos, ou a federacións, confederacións ou agrupacións das mesmas, así como subvencións a outras entidades beneficiarias sempre que non dispoñan de recursos suficientes para financiar transitoriamente a execución da actividade subvencionada. Neste caso, non se podería levar a cabo a programación de non facerse este pago anticipado.

Segundo o establecido no artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvención de Galicia, sobre o procedemento de aprobación do gasto e pago, poderanse realizar pagos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiación necesaria para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, establecendo dito artigo que esta posibilidade haberá de establecerse expresamente nas bases reguladoras da subvención. De acordo co establecido no artigo 31.6 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, establécese expresamente o pago anticipado.

O artigo 42.2 letra d) do Real Decreto 887/2006 dispón que quedan exonerados da constitución da garantía as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos ou programas de acción social.

O artigo 22 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei Xeral de Subvencións, establece que a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social será mediante a presentación das correspondentes certificacións administrativas positivas, expedidas polos órganos competentes. O artigo 24 da mesma norma indica que a presentación da declaración responsable substituirá a presentación das certificacións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 2 no caso de subvencións destinadas a financiar proxectos ou programas de acción social que se conceden a entidades sen fins lucrativos.

Neste caso, as declaracións responsables substitúen a presentación das certificacións indicadas por tratarse dun convenio no que a subvención se destina a financiar un programa de acción social que se concede a unha entidades sen fin lucrativo.

CAPÍTULO 7.- Causas de invalidez da resolución de concesión e reintegro

Serán causas de resolución da concesión da subvención as contempladas no art. 47 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no art. 36 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e no art. 32 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Serán causas de anulabilidade da resolución de concesión as demais infraccións do ordenamento xurídico e, en especial, das regras contidas na normativa legal reguladora das subvencións.

A declaración xudicial ou administrativa de nulidade ou anulación, a renuncia da beneficiaria, e nos demais supostos de incumprimento por parte da beneficiaria, levará consigo a obriga de devolver as cantidades percibidas.

O artigo 30.8 da Lei xeral de subvencións establece que a xustificación insuficiente da subvención levará paralelo o reintegro nas condicións previstas no artigo 37 da dita lei.

Este artigo 37 establece que procederá o reintegro das cantidades recibidas e a esixencia do interese de demora correspondente desde o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, ou a data na que o debedor ingreso o reintegro se é anterior a esta, nos seguintes casos:



a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para isto ou ocultando aquelas que o houbesen impedido.

b) Incumprimento total ou parcial do obxecto, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamente a concesión da subvención.

c) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 30 da Lei Xeral de Subvencións, e no seu caso, nas normas reguladoras desta subvención.

d) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidos no apartado 4 do artigo 18 da Lei Xeral de Subvencións.

e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da Lei Xeral de Subvencións, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando de isto se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia a subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

f) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se teñen que conseguir os obxectivos, realidade a actividades, executar o proxecto ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

g) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como os compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando por isto se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

h) A adopción, en virtude do establecido nos artigos 37 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal se derive unha necesidade de reintegro.

i) Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.

As entidades poderán realizar un reintegro voluntario ou unha devolución voluntaria dos fondos públicos recibidos, sen que exista un requirimento previo da Administración, tal como establece o art. 90 do R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de Subvencións.

Deste xeito, cando unha entidade decida voluntariamente efectuar o reintegro total ou parcial da subvención que lle foi concedida polo Concello (por manifestar renuncia á subvención, presentar conta xustificada por importe inferior á subvención, etc.), poderá realizar o ingreso, mediante transferencia bancaria á conta ES15 2080 0235 9131 1000 0017, indicando no concepto da transferencia "Reintegro subvención ano 2025".



CAPÍTULO 8 : Réxime sancionador.

O artigo 13 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Narón (BOP do 22/08/2025) remítese á Lei 9/2007, de 13 de xuño, e a Lei 38/2003, de 17 de novembro, para as infraccións e sancións. De conformidade co artigo 58.b) da Lei xeral de subvencións constitúe infracción moi grave a non aplicación, en todo ou en parte, das cantidades recibidas aos fins para os que a subvención se concedeu. No artigo 61 da Lei de subvencións de Galicia regúlanse as sancións por infraccións moi graves.

O artigo 66.3 da Lei xeral de subvencións establece que a competencia para impoñer sancións nas corporacións locais corresponde aos órganos de goberno que teñan atribuídas tales funcións na lexislación de réxime local. A dita competencia correspóndelle ao alcalde en virtude da competencia residual do artigo 21.1.s) da Lei reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Ao abeiro do artigo 67 da Lei xeral de subvencións, a imposición das sancións en materia de subvencións efectuarase mediante expediente administrativo no que, en todo caso, darase audiencia ao interesado antes de ditarse o acordo correspondente e que será tramitado conforme ao disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

CAPÍTULO 9 : Vixencia, revisión e resolución.

Vixencia. O presente convenio supón a anulación de calquera convenio de data anterior e terá vixencia dende 01/01/2025 ata o 31/12/2025 referíndose a todas as actividades realizadas dende o comezo da vixencia, contidas no texto do documento.

Revisión, causas e contidos. O convenio poderá revisarse cando as circunstancias, finalidade ou obxecto para o que fose concibido variase substancialmente.

Resolución. Nos casos contemplados na normativa vixente, e cando non se estea a cumprir o obxecto do convenio de acordo cos criterios fixados na normativa legal aplicable.

CAPÍTULO 10: Avaliación, seguimento e interpretación.

No caso de detectarse incidencias ou dúbidas no desenvolvemento do convenio, estas serán tratadas a través dunha comisión composta por:

- A concelleira de Benestar social
- A xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal
- A vicepresidenta da entidade Fundación INGADA (ou persoa en quen delegue).

De persistir ás incidencias ou dúbidas, a interpretación das mesmas será resolta por Resolución de Alcaldía.

CAPÍTULO 11. Réxime de compatibilidades

A subvención concedida a través deste convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que o importe das subvencións en ningún caso sexa de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.



Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente doutras achegas fora dos casos permitidos nas normas reguladoras, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención.

A subvención concedida a través deste convenio será incompatible con outra subvención para o mesmo proxecto, procedente de o Servizo Sociocomunitario, outra área ou outra concellería do Concello de Narón.

CAPÍTULO 12. Base de Datos Nacional de Subvencións

Este convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) seguindo as indicacións do Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.

CAPÍTULO 13: Natureza xurídica

O presente convenio ten natureza administrativa, subscribíndose no ámbito de aplicación do:

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local

R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia

Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común de Administracións Públicas.

Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público

Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón (BOP do 22/08/2025).

Bases de execución do orzamento do exercicio 2025.

A subscrición do presente convenio non ten carácter contractual e non implicará relación contractual algunha entre o Concello de Narón e as persoas que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de xeito que por este concepto non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polo acontecido no desenvolvemento do convenio.

O Concello de Narón será titular dos resultados obtidos no desenvolvemento deste programa.

Serán competentes para coñecer de cantos litixios puidieran xurdir entre as partes, como consecuencia do presente convenio, os Xulgados do Orde Xurisdiccional Contencioso- Administrativo de Ferrol.

Para aqueles aspectos non previstos neste convenio será de aplicación o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións; no R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións; na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón (BOP do 22/08/2025); e nas Bases de execución do orzamento do exercicio 2025.



E en proba de conformidade co anterior asinan este documento, por duplicado e a un só efecto, en Narón, o día 30 de decembro de 2025.

A Alcaldesa

A vicepresidenta da Fundación INGADA

Marián Ferreiro Díaz

María Elvira Ferrer Vázquez

ANEXO 1

Memoria de actividades. Solicitud

Deberase cubrir unha memoria por actividade subvencionada/convenida

Denominación

Descrición

Fundamentación legal da actividade

Fundamentación institucional da actividade

Fundamentación técnica da actividade

Obxectivos

Calendario de realización (nº de horas da actividade, datas de inicio e fin, días da semana, horarios, etc.)

Lugar de execución (nome do local/dirección)



Destinatarios/as (marcar os que corresponda)	
Colectivo	Idades
☐ Estudiantado	☐ Menores de 16
☐ Desempregados/as	☐ Entre 16 e 30
☐ Traballadores/as	☐ Entre 31 e 64
☐ Mulleres	☐ De 65 en diante
☐ Anciáns	
☐ Menores de 16 anos	
☐ Outros colectivos (indicar cal):	

Idioma da actividade
Castelán Galego

Metodoloxía/organización da actividade

Actividade realizada en anos anteriores
Non
Si Anos nos que se realizou:

Actividade realizada en colaboración con outras entidades
Non
Si Nome das entidades coas que realizou a colaboración:

Recursos humanos: nome e apelidos das persoas contratadas pola entidade para desenvolver a actividade, así como o custe por cada unha delas.	Custe
Total custe dos recursos humanos	

Recursos materiais: materiais, equipamento, asistencia técnica, subcontratación, etc. Indicar cada un dos recursos a utilizar para desenvolver a actividade e o custe por cada recurso.	Custe
Total custe recursos materiais	

Resumo de custes	Custe
Total recursos humanos	
Total recursos materiais	
Total recursos humanos + materiais	

Ingresos	Cantidade
Ingresos por taxas, cotas, etc., por participar nesta actividade	
Ingresos por subvencións/convenios: Indicar o organismo e a cantidade recibida por cada subvención/convenio. Ten que incluír tamén a subvención/convenio solicitado ao Concello de Narón.	
Ingresos propios da entidade	
Outros ingresos: Indicar a orixe do ingreso e a cantidade.	
Total ingresos	

Gastos para os que solicita a subvención/convenio: Indicar cada un dos gastos	Custe total



para os que solicita a subvención e a cantidade que pide	
Total gastos para os que solicita a subvención/convenio (este total ten que coincidir coa cantidade solicitada ao Concello de Narón e reflectida no apartado de ingresos por subvención/convenio).	

Resultados esperados	Total	Procedentes do municipio de Narón
Nº total de prazas ofertadas		

Outros resultados esperados:

Proba documental da publicidade a efectuar sobre o cofinanciamento da actividade
☐ Fotografía de primeiro plano do cartel abicado na instalación da entidade (obrigatoria)
☐ Fotografía contextual do cartel abicado na instalación da entidade (obrigatoria)
☐ Dirección web da publicidade en internet (indicar cal)
☐ Outra publicidade efectuada (indicar cal)

Observacións ou comentarios

Asdo.:



ANEXO 2

Don/a

DNI:

CIF:

, en calidade de Presidente/a da entidade
e enderezo

con

con

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

☐ (Marcar se procede) Que a entidade NON SOLICITOU/OBTIVO outras axudas, subvencións, e/ou ingresos procedentes de calquera outra Administración Pública, entidade privada, ou de particulares (ingresos por asistencia ás actividades, viaxes, excursións, etc.), para o financiamento da subvención.

☐ (Marcar se procede) Que a entidade SOLICITOU/OBTIVO outras axudas, subvencións, e/ou ingresos procedentes de calquera outra Administración Pública, entidade privada, ou de particulares (ingresos por asistencia ás actividades, viaxes, excursións, etc.), para o financiamento da subvención.

Relación de axudas, subvencións, ingresos obtidos.

DATA DE SOLICITUDE	CONCEPTO	ORGANISMO	IMPORTE	ESTADO ¹

Que para o financiamento do/a convenio/subvención, a entidade achega os seguintes fondos propios.

CONCEPTO	IMPORTE
Fondos propios	

☐ (Marcar se procede) Que NON EXISTE concorrencia con outras axudas municipais para financiar o obxecto desta subvención.

☐ (Marcar se procede) Que EXISTE concorrencia con outras axudas municipais para financiar o obxecto desta subvención.

Relación de axudas:

AREA	IMPORTE	ESTADO ²

Asdo.:

¹ Solicitada/Ingresada/Pendente

² Solicitada/Ingresada/Pendente



ANEXO 3

Don/a _____, en calidade de Presidente/a da entidade
con DNI: _____
con CIF: _____ e enderezo _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que a entidade está ao corrente coas obrigas tributarias (estado, comunidade autónoma e concello) e coa Seguridade Social.

Que, de acordo co art. 69 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para a obtención do recoñecemento desta axuda / subvención / convenio, que dispón da documentación que así o acredita, que a poñerá a disposición do Concello cando lle sexa requirida, e que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio.

Asdo.:



ANEXO 4

Memoria de actividades. Xustificación

Deberase cubrir unha memoria por actividade subvencionada/convenida

Datos da actividade

Denominación

Descrición

Fundamentación

Fundamentación legal da actividade

Fundamentación institucional da actividade

Fundamentación técnica da actividade



NARÓN

Obxectivos

Obxectivos

Calendario de realización

Número de horas da actividade:

Data de inicio:

Data de fin:

Días da semana: luns, martes, mércores, xoves, venres, sábado, domingo

Horarios:

Lugar de execución

Nome do local:

Dirección:

Destinatarios/as (marcar os que corresponda)

Colectivo		Idades	
☐	Estudantado	☐	Menores de 16
☐	Desempregados/as	☐	Entre 16 e 30
☐	Traballadores/as	☐	Entre 31 e 64
☐	Mulleres	☐	De 65 en diante
☐	Anciáns		
☐	Menores de 16 anos		
☐	Outros colectivos (indicar cal):		

Metodoloxía/organización da actividade

Recursos humanos: nome e apelidos das persoas contratadas pola entidade para desenvolver a actividade, así como o custo por cada unha delas. Ten que plasmar os datos indicados no anexo 1 de solicitude así como novo persoal incorporado á actividade.	Custe inicial ³	Custe final
Total custe dos recursos humanos		

Recursos materiais: materiais, equipamento, asistencia técnica,	Custe	Custe
---	-------	-------

³ Ten que plasmar o custe indicado no anexo 1 de solicitude.

subcontratación, etc. Indicar cada un dos recursos a utilizar para desenvolver a actividade e o custe por cada recurso. Ten que plasmar os datos indicados no anexo 1 de solicitude así como novos recursos incorporados á actividade.	inicial ⁴	final
Total custe recursos materiais		

Resumo de custes	Custe inicial ⁵	Custe final
Total recursos humanos		
Total recursos materiais		
Total recursos humanos + materiais		

Ingresos	Cantidade
Ingresos por taxas, cotas, etc., por participar nesta actividade	
Ingresos por subvencións/convenios. Indicar o organismo e a cantidade recibida por cada subvención/convenio. Ten que incluír tamén a subvención/convenio solicitado ao Concello de Narón.	
Ingresos propios da entidade	
Outros ingresos. Indicar a orixe do ingreso e a cantidade.	
Total ingresos	

Resultados	Total	Procedentes do municipio de Narón	Derivadas do Servizo Sociocomunitario do Concello de Narón (se é o caso)
Nº total de prazas ofertadas			
Nº total de solicitudes (se é o caso)			
Nº total de participantes			
Nº total de persoas beneficiarias			
Nº total de homes beneficiarios			
Nº total de mulleres beneficiarias			

Proba documental da publicidade efectuada sobre o cofinanciamento da actividade
☐ Fotografía de primeiro plano do cartel abicado na instalación da entidade (obrigatoria)
☐ Fotografía contextual do cartel abicado na instalación da entidade (obrigatoria)
☐ Dirección web da publicidade en internet (indicar cal)
☐ Outra publicidade efectuada (indicar cal)

15. Observacións ou comentarios

Asdo.:

⁴ Ten que plasmar o custe indicado no anexo 1 de solicitude.

⁵ Ten que plasmar o custe indicado no anexo 1 de solicitude.



ANEXO 5

Don/a _____
con DNI: _____, en calidade de Secretario/a de entidade
con CIF: _____ e enderezo _____

CERTIFICA:

~~Que as actividades incluídas na axuda / subvención / convenio foron executadas no período establecido.~~

Asdo.:

ANEXO 6

Relación clasificada dos gastos e inversións da actividade, con identificación do emisor e do documento, importe, data de emisión e data de pago:

Entidade:		Orzamento inicial ⁶		Orzamento final		Desviación ⁷			
Ano:									
Actividade conveniada:									
Gastos									
Nº	Fra. Nº	Titular da fra.	Concepto gasto	importe total fra.	importe da factura destinado ao proxecto	importe imputado ao convenio	Data de emisión	Data de pago	Forma de pago ⁸
1									
2									
3									
4									
5									
6									
7									
8									
9									
10									
11									
12									
13									
14									
15									
16									

⁶ Ten que plasmar o gasto inicial indicado no anexo 1 de solicitude.

⁷ Se o orzamento final é menor que o orzamento inicial, a desviación será negativa. Se o orzamento final é maior que o orzamento inicial, a desviación será positiva.

⁸ T=Transferencia, M=Metálico, C=Talón/Cheque

[illegible]

Total!

Asdo.



CONCELLO DE NARÓN

ANEXO 2.1. ENTIDADE COFINANCIADA POR O CONCELLO DE NARÓN



NARÓN

ENTIDADE COFINANCIADA POLO CONCELLO DE NARÓN NO ANO 20